

EDUCACIÓN INFANTIL

RECOMENDACIÓNS E PAUTAS PARA AS FAMILIAS

En primeiro lugar, explicar a situación aos nenos e nenas. Eles tamén teñen que saber o que pasa e seguir unhas pautas (lavar as mans, non acudir aos parques, non facer reunións innecesarias...)

Por outra banda, dende o Equipo de Infantil recomendámosvos unha serie de actividades globais e pautas que podedes levar a cabo co alumnado na casa:

- Seguir uns horarios axeitados para non romper coa rutina diaria.
- Situalos no tempo, vendo o día que é, o tempo atmosférico...
- Fomentar momentos de conversa para estimular a súa linguaxe.
- Colaborar, dentro das súas posibilidades, nas tarefas do fogar.
- Dedicarlle un tempo á lectura de contos.
- Facilitarlles diversos materiais para traballos manuais que potencien a súa imaxinación e creatividade (colorear, recortar, poñer adhesivo, plastilina...)
- Na medida das vosas posibilidades pasar tempos xuntos e dedicalo a xogos de mestra que favorezan a súa competencia matemática (parchís, oca, quebracabezas, xogos de cartas...)
- Non abusar do uso das novas tecnoloxías pero aproveitar recursos didácticos en liña adecuados a súa idade.
- Intentar que os nenos e nenas teñan tanto momentos de relaxación como de actividade.

*MÚSICA E PSICOMOTRICIDADE:

Se queredes practicar o ritmo deixamos o seguinte xogo:

<https://www.youtube.com/watch?v=Wk43IDUQmTk> ("In the hall of the mountain King")

Canción que estamos ensaiando para *O Día do Libro*:

<https://www.youtube.com/watch?v=x-GqfB27-ek>

- LINGUA INGLESA:

Para que poidan practicar as rutinas en inglés e outros contidos dados:

<https://www.youtube.com/watch?v=teMU8dHLqSI>

<https://www.youtube.com/watch?v=I8GeA3anPdo>

<https://www.youtube.com/watch?v=0VLxWIHRD4E>

<https://www.youtube.com/watch?v=jYAWf8Y91hA>

<https://www.youtube.com/watch?v=GoSq-yZcJ-4>

https://www.youtube.com/watch?v=-jBfb33_KHU

<https://www.youtube.com/watch?v=frN3nvhlHUK>

<https://www.youtube.com/watch?v=ljnldZvYTE>

A continuación tendes algunhas actividades propostas por niveis:

Nivel 4º A e B

Actividades	LUNS 16	MARTES 17	MÉRCORES 18	XOVES	VENRES
1ª	Elexir un conto	Facer un debuxo da familia. Utilizando moitas cores	Elexir unha canción infantil axeitada a súa idade	Non lectivo	Non lectivo
2ª	Escoitar o conto con atención	Axudarlle a poñer o nome de cada membro da familia (sempre en maiúsculas)	Escoitala en familia		
3ª	Identificar as personaxes principais	Falar dos membros que conforman a súa familia	Repetila e intentar inventar xestos para dramatizar a canción		
Descanso					
4ª	Facer un deduxo inspirado no conto	Axudar a facer a cama	Axudar a cociñar algunha receta doce para merendar (aprendendo o nome dos ingredientes que leva a receta)		
5ª	Axudar a poñer a mesa. Tendo en conta cantos somos para comer e asociando a cantidade co número de pratos, cubertos, vasos e servilletas que precisamos.	Levar a súa roupa sucia á lavadora	Axudar a recoller a mesa		

Nivel 4º A e B

Actividades	LUNS 23	MARTES 24	MÉRCORES 25	XOVES 26	VENRES 27
1ª	Elexir un conto	Elexir un debuxo tipo mandala para colorealo con moitas cores	Facer un circuíto con lápices, pinturas ou rotus Poñer todos os lápices un detrás doutro para montar un circuíto de coches polo corredor da casa	Buscar en google coa axuda dun adulto animais mariños para colorear	Recortar de folletos, revistas, xornais.. fotos de alimentos, produtos de limpeza, aseo, etc..
2ª	Escoitar o conto con atención	Escoitar durante uns minutos unha música clásica	Recoller e clasificar por cores os lápices que usamos no circuíto	Imprimilos, recortalos e pegalos nunha cartolina ou folio	Clasificalos en grupos de reciclaxe: plástico, papel e orgánicos.
3ª	Identificar as personaxes principais	Coller un folio e debuxar libremente o que nos transmite esa música: tranquilidade, nerviosismo, alegría...	Debuxar o circuíto que fixemos nun folio	Decorar o fondo con distinto material de refugallo	Pegalos en folios ou cartolinas de cor amarelo, azul ou verde segundo corresponda
Descanso					
4ª	Facer un deduxo inspirado no conto	Axudar a facer a cama	Axudar a cociñar algunha receta doce para merendar (aprendendo o nome dos ingredientes que leva a receta)	Facer un picnic no salón. Axudar a preparar un picoteo (sándwiches, froita, froitos secos)	Facer unhas maracas con dous envases de iogur tipo actimel recheos de arroz
5ª	Axudar a poñer a mesa. Tendo en conta cantos somos para comer e asociando a cantidade co número de pratos, cubertos, vasos e servilletas que precisamos.	Levar a súa roupa sucia á lavadora	Axudar a recoller a mesa	Axudar a colocar a compra nos distintos lugares da cociña	Inventar unha canción ou melodía para acompañar coas maracas

5º INFANTIL A E B

LUNS 16	MARTES 17	MÉRCORES 18	XOVES 19	VENRES 20
Practicamos a grafía do 1 ao 6 con distintos materiais.	Lemos un conto, cometámolo e o representamos.	Sinalo as distintas partes do corpo (talón, xeonllos, cellas) seguindo ordes verbais no meu corpo e nos demais. Fago un debuxo do mesmo diferenciando cabeza, tronco e extremidades.	Non lectivo.	Non lectivo.
LUNS 23	MARTES 24	MÉRCORES 25	XOVES 26	VENRES 27
Clasifico obxectos cotiás seguindo a posesión dun atributo (cor e forma).	Xogo coas letras e formo palabras significativas.	Realizo sumas sinxelas con obxectos cotiás.	Emprego obxectos como tapóns, ceras de cores, pompóns, pezas de construción entre outros para facer series sinxelas de dous ou tres elementos.	Represento as figuras xeométricas básicas (óvalo, círculo, cadrado, triángulo e rectángulo) e as emprego para facer unha composición.

6º INFANTIL A

LUNS 16	MARTES 17	MÉRCORES 18	XOVES 19	VENRES 20
<p>Actividade de fomento da lectura(lectura dun conto e ficha de comprensión lectora)</p> <p>*Os alumnos/as levaron para a casa o material necesario para facer esta actividade.</p>	<p>Actividade de fomento da lectura(lectura dun conto e ficha de comprensión lectora)</p> <p>*Os alumnos/as levaron para a casa o material necesario para facer esta actividade.</p>	<p>Actividade de fomento da lectura (lectura dun conto e ficha de comprensión lectora)</p> <p>*Os alumnos/as levaron para a casa o material necesario para facer esta actividade.</p>	<p>Non lectivo.</p>	<p>Non lectivo.</p>
LUNS 23	MARTES 24	MÉRCORES 25	XOVES 26	VENRES 27
<p>Realizar sumas e restas sinxelas onde o resultado non supere 9.</p> <p>Debuxar a catro compañeiros da clase e escribir o seu nome.</p>	<p>Xogo de letras. Repasar as letras do abecedario e coas letras formar palabras significativas.</p>	<p>Debuxar a familia e escribir o nome das persoas ca compoñen.</p>	<p>Debuxar figuras xeométricas (cadrado, rectángulo, triángulo e círculo).</p> <p>Recortalas e pegalas nun folio ou cartolina facendo unha figura creativa.</p>	<p>Realizar series de tres elementos con diferentes obxectos que teñan na casa.</p> <p>Facer debuxos de animais e escribir o nome.</p>

6º INFANTIL B

LUNS 16	MARTES 17	MÉRCORES 18	XOVES 19	VENRES 20
Identificamos e lemos números (o día que é, o número de pé, o número da etiqueta da camiseta...)	Agrupamos obxectos a partir de etiquetas afirmativas e negativas (cubertos pequenos nun lado, os que cortan noutro, os que non son grandes,...)	Buscamos e comparamos obxectos cotiáns con diferentes formas (caixa de zapatos, pelota, rolo de papel hixiénico,...)	Non lectivo.	Non lectivo.
LUNS 23	MARTES 24	MÉRCORES 25	XOVES 26	VENRES 27
Ordeamos diferentes corpos a partir dos comparativos máis... que, menos... que e igual que... (aproveitamos os peixes aprendidos para facer comparacións,...)	Organizamos datos da contorna próxima, e representámoslos en gráficos de barras sinxelos (cantas veces xogamos a cada xogo, cantas veces entramos nun determinado sitio,- --)	Identificamos o paso do tempo en situacións da vida cotiá.	Xogamos a xuntar, reunir e sumar diferentes obxectos	Facemos seriacións a partir dun patrón de repetición (ordeamos xoguetes,...)

Todos os días podemos xogar a facer calculo mental, podemos ler ou escribir pero SEMPRE en actividades lúdicas.